

Entrevista con L. Tato do Arquivo Pillado Mayor

Por **Helena González** Laura Tato Fontaíña é a coordinadora da Biblioteca-Arquivo Teatral Francisco Pillado Mayor da Universidade da Coruña. Nesta entrevista explica como nace o arquivo, as dificultades específicas de catalogación de documentación tan diversa e o seu funcionamento. Tamén adianta as vindeiras publicacións da colección de textos dramáticos que leva este nome.

- 07:25 21/02/2002

¿Como nace a idea do Arquivo Teatral Francisco Pillado Mayor?

Francisco Pillado Mayor (A Coruña, 1941) é un dos primeiros estudiosos do noso teatro. Ten publicados numerosos ensaios, entre os que salientan *O teatro de Manuel Lugrís Freire*, e, en colaboración con Manuel Lourenzo, *O teatro galego*, *Antoloxia do teatro galego* e *Dicionário do teatro galego*; porén, quizais a súa faceta máis coñecida sexa a de editor xa que desde 1979 á súa actividade neste campo debemos publicacións tan importantes como os *Cadernos da Escola Dramática Galega*, os *Caderno do espectáculo da Sala Luis Seoane*, *Cadernos de Teatro*, a revista *Casahamlet* ou a colección Elsinor Teatro. Na actualidade é director da editorial Laiovento.

Do propio Pillado partiu a idea de doar ao Departamento de Galego-Portugués da Universidade da Coruña o seu arquivo particular, e así, a través dun convenio coa Universidade, asinado o 26 de marzo de 1996, creouse a Biblioteca-Arquivo Teatral. A Universidade comprometéase a catalogar, xestionar e ampliar os fondos iniciais. Estes fondos foron, e seguen a ser, enriquecidos ademais da adquisición de libros, por outras moitas aportacións entre as que podemos citar as de Manuel Lourenzo, Miguel Gómez Segade, Cándido Pazó, Celso Álvarez Cáccamo... así como a que facilitan puntualmente as compañías e salas de teatro que funcionan na actualidade.

Descríbanos os fondos bibliográficos e documentais do Arquivo Teatral.

Os fondos bibliográficos comprenden desde obras de referencia sobre teatro, política teatral, lexislación, teoría teatral, técnica teatral, didáctica... a monografías das diversas culturas e linguas. Dentro das monografías diferenciamos entre ensaios e textos dramáticos, agrupadas por linguas. Por lóxica, o groso do fondo bibliográfico é de e sobre Teatro Galego. Pode ser consultado a través do catálogo automatizado en liña da Universidade da Coruña.

O fondo documental presenta a seguinte composición tipolóxica: compañías, correspondencia, espectáculos e dramatizacións, estudos monográficos, eventos teatrais, expedientes persoais, fotografías, partituras, prensa, cartaces, programas de man.... Esta documentación está en proceso de catalogación para que se

poida acceder a ela, no futuro, a través da rede.

¿Qué proxectos ten en marcha?

De momento, aínda estamos facendo balanço da campaña *O Teatro tamén se le*, mais temos en perspectiva organizar unha exposición con materiais do fondo do Arquivo; probabelmente cartaces.

¿Qué dificultades específicas representa o arquivo de materiais teatrais?

A esta pregunta responden as responsábeis da catalogación do Arquivo, Rodrigo Costas Comesaña e María Cana. As dificultades e problemas máis importantes que presenta un Arquivo das nosas características veñen determinadas principalmente por varios factores. O primeiro factor sería a gran heteroxeneidade da documentación, que dificulta a clasificación e organización do fondo, ademais de ser conflictivo á hora de establecer os límites entre as series documentais e crear categorías claras onde enmarcalas. O segundo factor problemático é que, debido á natureza intrínseca dos documentos falamos dunha *Biblioteca-Arquivo*, isto provoca que os principios arquivísticos e biblioteconómicos non sexan plemente aplicables á hora de enfrentarnos coa descrición e tratamento da documentación. Un terceiro factor teríamolo na conservación dalgúns dos materiais do fondo, como é o caso dos cartaces, fotografías e recortes de prensa, que pola seu soporte físico se poden deteriorar co uso e o paso do tempo. A solución no tocante aos cartaces viu da man da adquisición dun planeiro, onde se conservan estirados e ben acondicionados. Para as fotografías optouse pola dixitalización, o cal, ademais de favorecer a conservación das mesmas, axiliza o acceso ás imaxes por parte do usuario. Para a dixitalización e descrición dos recortes de prensa está en proxecto o deseño dunha nova aplicación, que permite un acceso rápido aos mesmos e mitigue os problemas de memoria provocados pola dixitalización. Finalmente, tamén existen problemas na automatización, debido a que a aplicación deseñada en primeira instancia non permite crear relacións entre determinados rexistros nin realizar búsquedas na totalidade da base de datos, senón só de xeito limitado. Este problema solucionarase coa creación dunha nova Base de Datos que supla estas carencias.

¿Como valora o estado de conservación, catalogación e acceso dos materiais teatrais?

Responde Laura Tato. A este respecto podo contestar unicamente sobre o Arquivo da Universidade da Coruña e tanto a conservación dos seus fondos como a súa catalogación creo que é a correcta. Canto ao seu acceso, de momento non o temos todo na rede porque, como xa indicamos, estamos en proceso de catalogación, mais a nosa idea é chegar a que todo sexa consultábel a través dela. Isto non quere dicir que neste momento non poida consultarse, xa que as nosas instalacións están abertas a todo o mundo; mesmo solucionamos certos problemas dos investigadores a través do teléfono. De todos os xeitos tamén é certo que moito material de teatro, moita documentación e moitos textos, están dispersos por diferentes bibliotecas, museos e en casas particulares. Na actualidade, ademais do noso Arquivo existe tamén o Arquivo do IGAEM, que debe ter todo o producido polo CDG desde a súa fundación.

A iniciativa que máis se coñece deste arquivo é a colección “Literatura Teatral” do Arquivo, unha proposta única no ámbito galego de publicación sistemática de estudos, traducións e edicións. Fáganos un avance das novidades que han aparecer nos vindeiros meses.

Na serie galega publicaremos *O Mariscal. Ópera*, de Ramón Cabanillas e Antón Vilar Ponte, en edición de M. Queixas e cunha introducción crítico-literaria de Francisco Rodríguez; e unha compilación de artigos do crítico teatral Gustavo Luca de Tena sobre obras estreadas nas últimas décadas. A serie portuguesa publicará *O espaço dramático*, José Oliveira Barata, Catedrático da Universidade de Coimbra, e mais unha farsa de Gil Vicente en edición de X. Carlos Lagares, da Universidade de Salamanca.

Tamén asinamos un convenio co goberno das Illas Baleares e imos publicar tres obras en edición bilingüe catalán/galego. Comezaremos con *Desatinos e outras pezas*, de Llorenç Villalonga.

Para máis información, entra na páxina da [Biblioteca-Arquivo Teatral Francisco Pillado Mayor](#) ou escribe a este [correo electrónico](#).